

ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS CELEBRADA O DÍA 16.3.2017 (EXP.005-SERVPA17).

Na sala de Xuntas da Casa do Concello de Monforte de Lemos, sendo as 10:20 horas do día 16.3.2017, reúnese, habendo sido debidamente convocados ao efecto, os seguintes membros que conforman a Mesa de Contratación.-

Presidente/a da Mesa:

D. José Tomé Roca (Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Monforte de Lemos) .

Vogais:

D^a. Gloria M^a. Prada Rodríguez (Concelleira Delegada de Réxime Interno)

D^a. M^a Buján Arias (Interventora Acctal).

D. José M^a Baños Campo (Secretario Xeral).

D^a. M^a Trinidad López Pérez (Axente de emprego e desenvolvemento local).

Secretario/a:

D. José M^a Valcarce Rodríguez (Tag).

Comprobada a existencia do preceptivo quórum, pola presidencia declárase perfectamente constituída a Mesa de Contratación e cumpridas as formalidades esixidas pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, procédese ao estudo e debate do primeiro dos asuntos da orde do día da convocatoria da sesión, a saber.-

- *Apertura, en acto privado, do Sobre A: “Documentación Administrativa Previa” dos licitadores concorrentes ao procedemento para a contratación do DO SERVIZO DE EXPLOTACIÓN DO ESPAZO GASTRONOMICO DA PRAZA DE ABASTOS (EXP.005-SERVPA17).*

Polo Secretario da Mesa se informa de que dentro do prazo concedido para a presentación de ofertas se achegaron as seguintes.-

- D. Diego Dapresa Díaz.

Acto seguido se procede á apertura do Sobre nº 1 do citado licitador, resultando o seguinte.-

D. Diego Dapresa Díaz: A documentación achegada se axusta ao esixido na cláusula 11^a do prego de cláusulas administrativas particulares.

En virtude do exposto, a Mesa de Contratación, pola unanimidade dos seus membros, acorda admitir a licitación a D. Diego Dapresa Díaz e continuar o procedemento pasando, de conformidade coa cláusula 17^a do PCAP ao estudo e debate do segundo punto da orde do día.-

- *Apertura, en acto público, dos Sobre B: “DOCUMENTACIÓN TÉCNICA” dos licitadores concorrentes ao procedemento para a contratación do SERVIZO DE*

**EXPLOTACIÓN DO ESPAZO GASTRONÓMICO DA PRAZA DE ABASTOS
(EXP.005-SERVPA17)".**

Polo Secretario da Mesa de Contratación, se procede á apertura do Sobre B do citado licitador acordándose, pola unanimidade da Mesa de Contratación, dar traslado do seu contido á Axente de emprego e desenvolvemento local para que emita informe de valoración do mesmo segundo os criterios recollidos na cláusula 12.11 do prego administrativo.


Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a reunión ás 10:30 horas, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O Presidente da Mesa

O Secretario da Mesa,



VOGAIS
A Concelleira Delegada de Réxime Interno



A Interventora Acctal,



O Secretario Xral.,



A Axente de Emprego e Desenvolvemento Local,